



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

SECRETARÍA XERAL
Xestión de Sesións Plenarias
2024/G010/000010

D. JOSÉ MARÍA VÁZQUEZ PITA, SECRETARIO XERAL, DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)

C E R T I F I C A:

Que polo Pleno da Corporación, en sesión Ordinaria celebrada o xoves 29 de agosto de 2024, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

“4. PROPOSTA DE FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O VINDEIRO ANO 2025.-
Dase conta ao Pleno da Corporación de que a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en sesión ordinaria celebrada o luns 26 de agosto de 2024, emitiu o seguinte **DITAME**:

“2. PROPOSTA DE FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O VINDEIRO ANO 2025.-
“Proposta de Acordo

Asuntos da Alcaldía-Presidencia
Exp. 2024/G006/000402

PROPOSTA DAS FESTAS DE CARÁCTER LOCAL PARA O VINDEIRO ANO 2025.-

Pola Sección Provincial de Mediación, Artitraxe e Conciliación (SMAC), da Xunta de Galicia, Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade vense interesando a proposta deste Concello das datas concretas de dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no termo municipal, aos efectos de confeccionar o calendario laboral.

En data 16 de Xullo do actual tivo entrada escrito no Rexistro Xeral deste Concello, co nº 2024/000/6327, sinalándose no mesmo que a correspondente proposta debería remitirse a dito organismo **antes do día 1 de Setembro do 2024**.

Visto o escrito referenciado, por esta Alcaldía-Presidencia, propónse a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a fixación das dúas datas de festas de carácter local para o **ano 2025** seguintes:

- catro de Marzo (04/03/2025, MARTES DE ENTROIDO)
- vinte e catro de xuño (24/06/2025, SAN XOÁN).

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo á, Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, á maior brevidade.

Asina dixitalmente na data do documento electrónico.- Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE).”

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.artexio.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)



Cofinanciado por
la Unión Europea



MINISTERIO
DE HACIENDA



Fondos
Europeos

Arteixo

Deseguido a Alcaldía-Presidencia, da un turno de intervencións.

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

<<...>>

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

<<...>>

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

- 12 Grupo PARTIDO POPULAR
- 3 Grupo PARTIDO SOCIALISTA
- 2 Grupo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
- 1 ALTERNATIVA DOS VECIÑOS de Arteixo

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.”

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón e en cumprimento do disposto no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais expido a presente certificación coa salvedade prevista no artigo 206 do texto regulamentario citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Carlos Calvelo Martínez, que se asina dixitalmente en Arteixo por ambos, á data sinalada no documento electrónico, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.